

Índice de confianza do consumidor. Setembro 2007. COMUNICADO

Forte caída do Indicador de Confianza do consumidor.

As perspectivas de evolución do emprego é a compoñente que mais se resinte.

O saldo referente ás perspectivas de evolución (durante os próximos doce meses) do emprego acada un valor de -18,8 . Isto supón un descenso de case 30 puntos con respecto a xullo de 2007 e acádanse valores que non se rexistraban dende febreiro de 2005. No seguinte gráfico vemos a evolución durante os últimos meses.



Mantense a estabilidade da situación financeira persoal.

O saldo referente á percepción dos fogares acerca do nivel actual da situación financeira persoal experimenta un descenso de tan so 1,1 puntos con respecto a xullo de 2007 e cun valor de 3,4 puntos é o único saldo positivo ademais do mais estable da enquisa.

Cambia radicalmente a tendencia dos indicadores de Confianza e Sentimento dos consumidores

O comportamento do Índice de sentimento do consumidor adoita ser un pouco máis suave que o do ICC e este mes de setembro de 2007 tamén baixa aínda que só 10,7 puntos con respecto ao amosado no mes de xullo. O ICC baixa 15 puntos neste mesmo período. Rómpese por tanto a racha de melloría que presentaban de xaneiro a xullo.

Hai que salientar que baixan os saldos de tódalas compoñentes destes indicadores. Na táboa vese a evolución de ambos nos últimos meses.

Indicadores resumo

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0
Decembro	-20,3	-26,0
2007		
Xaneiro	-21,7	-27,8
Febreiro	-18,4	-25,4
Marzo	-17,3	-23,6
Abril	-12,4	-20,0
Maio	-14,2	-24,0
Xuño	-11,9	-22,0
Xullo	-9,8	-18,1
Agosto	-17,3	-23,4
Setembro	-24,9	-28,8

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>